



BOP

SÁBADO, 7 DE NOVIEMBRE DE 2020

N.º 256

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2021 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 166/2020, do 10 de setembro, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2021, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia".

Á vista do que antecede, esta Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade elabora, para a provincia de Lugo, o seguinte

Calendario laboral 2021

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na táboa anexa.

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2021, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo, 5 de novembro de 2020.- A Xefa Territorial (Disposición transitoria terceira do decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia) Pilar Fernández López

Concello	Data 1	Denominación 1	Data 2	Denominación 2
Abadín	16/02/21	Martes de Entroido	27/09/21	San Cosme da Montaña
Alfoz	16/02/21	Martes de Entroido	02/08/21	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	24/06/21	San Xoan	08/09/21	Virxe dos Remedios
Baleira	16/02/21	Martes de Entroido	12/08/21	San Cristóbal
Baralla	16/02/21	Martes de Entroido	27/08/21	Festas de San Vitorio
Barreiros	16/02/21	Martes de Entroido	24/08/21	San Bartolo
Becerreá	24/06/21	San Xoán	14/09/21	Santo Ecce Homo
Begonte	16/02/21	Martes de Entroido	29/06/21	Festividade de San Pedro
Bóveda	01/09/21	Festividade de San Xil	15/09/21	Divino Ecce-Homo
Burela	16/02/21	Martes de Entroido	07/06/21	Luns das festas patronais
Carballedo	26/07/21	Festivo local	16/08/21	Festivo local
Castro de Rei	16/02/21	Martes de Entroido	09/08/21	San Roque e Dulce Nome de María en Castro de Riberas de Lea
Castroverde	16/02/21	Martes de Entroido	26/07/21	Santiago Apóstolo
Cervantes	20/05/21	Nosa Señora dos Remedios	09/08/21	San Román
Cervo	16/07/21	Nosa Señora do Carme	16/08/21	San Roque
Chantada	24/08/21	Festa da empanada	08/09/21	Nosa Señora do Faro
Corgo (O)	16/02/21	Martes de Entroido	05/10/21	San Froilán
Cospeito	16/02/21	Martes de Entroido	08/09/21	Nosa Señora "Virxe do Monte"
Folgosos do Caurel	19/08/21	Festas Patronais de Folgoso	07/12/21	Ponte da Constitución
Fonsagrada (A)	16/02/21	Martes de Entroido	13/09/21	Festas Patronais de A Fonsagrada
Foz	16/07/21	Virxe do Carme	10/08/21	San Lourenzo
Friol	16/02/21	Martes de Entroido	12/07/21	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	16/02/21	Martes de Entroido	24/06/21	San Xoan
Guntín de Pallares	16/02/21	Martes de Entroido	05/07/21	Luns das festas de Guntín
Incio (O)	16/02/21	Martes de Entroido	24/06/21	San Xoán
Láncara	16/02/21	Martes de Entroido	23/08/21	Luns de San Roque
Lourenzá	16/02/21	Martes de Entroido	30/08/21	Luns do Conde Santo
Lugo	16/02/21	Martes de Entroido	05/10/21	San Froilán
Meira	16/02/21	Martes de Entroido	16/08/21	San Roque
Mondoñedo	13/09/21	Luns dos Remedios	18/10/21	As San Lucas
Monforte de Lemos	06/04/21	Martes de Pascua	14/06/21	Festas de San Antón
Monterroso	16/02/21	Martes de Entroido	29/09/21	San Miguel
Muras	16/02/21	Martes de Entroido	28/06/21	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	16/02/21	Martes de Entroido	21/09/21	Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	16/02/21	Martes de Entroido	16/08/21	Festividade da Virxe da Veiga
Nogais (As)	16/02/21	Martes de Entroido	30/07/21	Festa do Emigrante
Ourol	16/02/21	Martes de Entroido	13/05/21	Nosa Señora de Fátima
Outeiro de Rei	16/02/21	Martes de Entroido	05/07/21	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	28/01/21	San Tirso	14/09/21	Ecce-Hommo
Pantón	16/02/21	Martes de Entroido	23/08/21	Festas locais
Paradela	16/02/21	Martes de Entroido	29/09/21	San Miguel
Páramo (O)	16/02/21	Martes de Entroido	11/06/21	Festas de Primavera

Concello	Data 1	Denominación 1	Data 2	Denominación 2
Pastoriza (A)	16/02/21	Martes de Entroido	18/10/21	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	16/02/21	Martes de Entroido	09/09/21	Santa María a Real do Cebreiro
Pobra de Brollón	16/02/21	Martes de Entroido	27/08/21	San Vitorio
Pol	16/02/21	Martes de Entroido	24/08/21	Festa do emigrante
Pontenova (A)	16/02/21	Martes de Entroido	11/10/21	Luns das Feiras
Portomarín	16/02/21	Martes de Entroido	06/09/21	Santo Cristo das Victorias
Quiroga	05/04/21	Luns de Pascua	11/11/21	San Martiño
Rábade	16/02/21	Martes de Entroido	13/08/21	Nosa Señora da Asunción
Ribadeo	16/08/21	San Roque co-patrono da vila	08/09/21	Santa María del Campo
Ribas de Sil	16/08/21	Festas Patronais San Roque	29/10/21	San Claudio
Ribeira de Piquín	16/02/21	Martes de Entroido	23/04/21	Festividade de San Xurxo
Riotorto	16/02/21	Martes de Entroido	29/06/21	San Pedro
Samos	08/01/21	San Xulián e Santa Basilisa	12/07/21	Luns de San Benito
Sarria	24/06/21	Festas Patronais de San Xoan	08/09/21	Virxe dos Remedios
Saviñao (O)	16/02/21	Martes de Entroido	03/08/21	Festas locais de Escairón
Sober	08/09/21	Romería de Cadeiras	20/09/21	Festas patronais
Taboada	16/02/21	Martes de Entroido	09/08/21	Festivo local
Trabada	16/02/21	Martes de Entroido	16/08/21	Festivo Local
Triacastela	16/02/21	Martes de Entroido	17/08/21	San Mamede
Valadouro (O)	16/02/21	Martes de Entroido	09/09/21	Festa do Oito
Vicedo (O)	16/02/21	Martes de Entroido	02/08/21	San Estevo
Vilalba	31/08/21	San Ramón	01/09/21	Santa María
Viveiro	16/02/21	Martes de Entroido	16/08/21	San Roque
Xermade	16/02/21	Martes de Entroido	09/08/21	Luns de Santa María
Xove	16/02/21	Martes de Entroido	30/08/21	Festas patronais

R. 2738

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AOS TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS INCLUIDOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA NA PROVINCIA DE LUGO NO CONTEXTO DA CRISE DA PANDEMIA DA COVID-19, ANUALIDADE 2020.

O estado de alarma decretado o 14 de marzo do 2020 por Real Decreto 463/2020 para a xestión da citada crise sanitaria, provocou a paralización total de actividades esenciais tales como feiras, mercados e outros eventos culturais.

Mais alá do período de estado de alarma, esta crise está provocando a cancelación da maioría das convocatorias de exhibición e comercialización de produtos artesáns, polo cal a artesanía da nosa provincia estase vendo abocada a unha situación extremadamente delicada que precisa de atención urxente e excepcional que evite o peche e extinción dalgúns talleres e oficios afectados.

Competencias da Deputación Provincial de Lugo en relación coas axudas:

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste

ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salienta a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 114 b) sobre a asistencia económico-financieira prestada polas Deputacións Provinciais sinala que se realizará mediante a cesión temporal de uso de material propio e asemade no art. 118 , sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

1.-OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas aos titulares de obradoiros artesanís incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na provincia de Lugo, no contexto da crise provocada pola pandemia da COVID -19, anualidade 2020.

- Réxime da convocatoria

As subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas aos titulares de obradoiros artesanís incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na provincia de Lugo, no contexto da crise provocada pola pandemia da COVID -19, anualidade 2020, refírense á:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
OBXECTO	3	Cobertura de custos ou do déficit
TIPO DE SUBVENCIÓN	1	Subvencións non cualificables como axudas de Estado a empresa
SECTOR ECONÓMICO	R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
FINALIDADE	11	Cultura
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se preveña modificación algunha desta situación.
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Estas subvencións encádranse dentro da liña de actuación 12.2 Artesanía e Deseño da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan estratéxico de subvencións desta Deputación Provincial de Lugo 2020-2022.

Poderanse consultar as bases desta convocatoria na web www.deputacionlugo.org/gal

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección.

<http://run.gob.es/owqlth>

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e de conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido polas diferentes bases reguladoras das subvencións.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputan a deputación.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos.

Serán gastos subvencionables os gastos correntes de funcionamento do obradoiro artesanal realizados no período comprendido do 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2020.

3. DESTINATARIOS/BENEFICIARIOS

- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

En xeral, poderán solicitar subvención ao amparo desta convocatoria todos os titulares de obradoiros artesáns incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que exerzan a súa actividade na provincia de Lugo como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2020 e manteñan a súa actividade ata o 31 de decembro de 2020.

No caso de comunidade de bens deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como no acordo de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 “prescrición” e 63 “prescrición de infraccións e sancións” da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non se concederán axudas aos obradoiros que tributen os seus impostos fora do ámbito territorial da provincia de Lugo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das axudas, quen concorra nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena e perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas
- b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial u fose inhabilitado conforme á Lei Concursal 22/2003, de 9 de xullo, e o Real Decreto 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que se concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta o una normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións or reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen
- h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan
- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 da LXS e 8 da LXSG cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aqueles obradoiros cualificados que por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.
- k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinaladas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os titulares dos obradoiros artesanais perceptores das axudas terán dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5 da ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a pola Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- g) Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. A devandita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Manter a súa actividade e estar inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na provincia de Lugo, ata o 31 de decembro de 2020 .
- j) De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

-Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (PLAN PLURIANUAL 2020-2022) da Excm. Deputación Provincial de Lugo terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos,

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada máis os fondos propios non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2020, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade destinada para a concesión de AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA OBRADOIROS ARTESÁNS INCLUIDOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA NA PROVINCIA DE LUGO NO CONTEXTO DA CRISE DA PANDEMIA DA COVID-19, anualidade 2020, será de setenta e nove mil cincocentos euros (79.500 €) con cargo á aplicación 2413/48900 do orzamento do ano 2020.

Os titulares dos obradoiros artesáns que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e que presenten a súa solicitude no tempo e forma establecido terán unha axuda de 1.500,00 € para sufragar gastos correntes de funcionamento dos obradoiros artesáns.

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

- Anticipo

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación das subvencións.

6. SOLICITUDES

A presentación de solicitudes, dirixidas ao Sr. Presidente, supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidos nelas.

- PRAZO

O prazo para a presentación de solicitudes é de **15 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para acreditar a condición de beneficiario.

Soamente se poderá presentar **una única solicitude** por obradoiro artesán.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

- FORMA

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente **por medios telemáticos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.ga>.

Se algún dos interesados/as presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación telemática. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algún dos interesados/as presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada e/ou de expediente, se dispón del, e o servizo responsable do procedemento.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a desestimación da solicitude

- DOCUMENTACIÓN:

Documentos a presentar:

- **Instancia de solicitude mediante modelo normalizado** para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria (ANEXO 1)
- **Declaración responsable mediante modelo normalizado**(ANEXO 2)

- **Certificado** actualizado de estar incluído no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
- Copia do NIF do representante legal da entidade.
- Copia do NIF do Obradoiro artesan.

7.- PROCEDEMENTO

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica – CENTRAD- desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación a proposta, que non terá carácter vinculante, a cal deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, debendo facer constar –de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

As subvencións concederanse atendendo ao orde de entrada de solicitudes no Rexistro Xeral da Deputación ata esgotar o orzamento destinado as mesmas.

9. RESOLUCIÓN, COMUNICACIÓN E RECURSOS

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente as subvencións. O acordo, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención até que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse

resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

O acordo de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios porá fin a vía administrativa, podendo interpor contra o mesmo recurso de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de concesión ou denegación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo da concesión ou denegación, e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

10. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que una vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e como data límite do 31 de marzo de 2021, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación:

- Anexo I (modelo normalizado).

Solicitude debidamente cumprimentada

- Anexo II (modelo normalizado).

Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas nas bases reguladoras da convocatoria, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos,

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

- Anexo III (modelo normalizado).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á subvención.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “*Recibín en efectivo na data _____*”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Anexo IV (modelo normalizado).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas presentes bases.

Declaración responsable na que o beneficiario da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que, o beneficiario non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, e dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

11. REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos citados, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún

procedemento previo informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

12. RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

14. SUPOSTOS DE REINTEGRO

Estarase ao disposto no previsto nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral de Subvencións, desenvoltos polos artigos 94 e 95 do RLXS, e en calquera caso, ao disposto na normativa concordante vixente en cada momento

15. OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación (3 de setembro de 2020)
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

OUTRAS DETERMINACIÓNS

Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020-2022

Lugo, 30 de outubro de 2020.- A Secretaria, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2736

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito núm. 4-2020 do vixente Orzamento Xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, acordo nº 1/91 adoptado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, publicado no BOP nº 226 do 1 de outubro de 2020.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 4/2020 Baixas por anulación	CREDITOS TOTAIS INCIDENCIA DO SC
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de Persoal	29.732.677,39		29.732.677,39
2	Gastos en bens correntes e servizos	51.890.677,24	1.767.710,00	53.658.387,24
3	Gastos financeiros	49.100,00		49.100,00
4	Transferencias correntes	5.904.743,50	-1.767.710,00	4.137.033,50
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	500.000,00		500.000,00
	<i>Total operacións correntes</i>	<i>88.077.198,13</i>		<i>88.077.198,13</i>
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	10.429.605,47		10.429.605,47
7	Transferencias de capital	721.673,40		721.673,40
	<i>Total operacións de capital</i>	<i>11.151.278,87</i>		<i>11.151.278,87</i>
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	100.000,00		100.000,00
9	Pasivos financeiros	733.203,84		733.203,84
	<i>Total operacións financeiras</i>	<i>833.203,84</i>		<i>833.203,84</i>
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	100.061.680,84	0,00	100.061.680,84

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 4/2020 Baixas por anulación	PREVISIÓNS TOTAIS INCIDENCIA DO SC
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	38.256.017,00		38.256.017,00
2	Impostos indirectos	4.495.491,20		4.495.491,20
3	Taxas e outros ingresos	26.004.341,19		26.004.341,19
4	Transferencias correntes	27.006.831,45		27.006.831,45
5	Ingresos patrimoniais	745.000,00		745.000,00
	<i>Total operacións correntes</i>	<i>96.507.680,84</i>		<i>96.507.680,84</i>
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	3.454.000,00		3.454.000,00
	<i>Total operacións de capital</i>	<i>3.454.000,00</i>		<i>3.454.000,00</i>
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	100.000,00		100.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	<i>Total operacións financeiras</i>	<i>100.000,00</i>		<i>100.000,00</i>
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	100.061.680,84	0,00	100.061.680,84

Lugo, 04 de novembro de 2020.- A EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 2717

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 29 de outubro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 4º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 30 de outubro ao 30 de decembro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 29 de outubro de 2020.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2660

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 2 de novembro do 2020, prestou aprobación ás bases e á convocatoria para a concesión de subvencións do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, 2020

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. OBXECTO

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2020 do PROGRAMA DE FOMENTO DA INICIATIVA EMPRESARIAL NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

A presente convocatoria enmárcase no programa de “Promoción do emprego” ano 2020, que ten como obxectivo principal fixar poboación no concello e contribuír a un crecemento sostible, promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego.

1.2. BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de novembro de 2019 e o 31 de outubro de 2020.

Entenderase por inicio de actividade a alta no IAE.

Para o carácter de PEME terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea.

1.3. REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

- Que os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas teñan o seu enderezo fiscal e social en Monforte de Lemos.
- Que sexan de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes ou parella de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.
- Que as persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- Non ter percibido subvención ó abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Non desenvolveran como traballadores autónomos a mesma ou similar actividade no Concello de Monforte de Lemos, nos 6 meses anteriores á data de inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidades de colexio profesional.
- As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas destas bases (programa) cando formen parte dunha comunidade de bens, Sociedades Cívicas, Cívica, cando a súa incorporación á mesma como socio implique a súa alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou constitúan unha Sociedade Mercantil.
- Quedan excluídos destas bases os autónomos colaboradores.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, nin a sociedade nin as persoas socias.

- Non ter débedas co Concello de Monforte, nin a sociedade nin as persoas socias.
- Non poderán ter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 27 de novembro, Xeral de Subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.4. TIPO E CONTÍA DAS AXUDAS

O financiamento destas axudas farase con cargo á partida orzamentaria 241.480.00 A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles para o exercicio 2020 é de 30.000,00 €.

A finalidade das axudas é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo será de **1.500,00 €** por beneficiario e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

Esta contía incrementarase nun 25% en caso de que a persoa beneficiaria sexa:

- muller
- persoa con discapacidade

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende dous meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes.

1.5. GASTOS SUBVENCIONABLES

1.5.1. Gastos de constitución: serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- 1.5.1.1. Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- 1.5.1.2. Alta no rexistro mercantil

1.5.2. Existencias iniciais de mercadorías: serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

1.5.3. Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos: serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

1.5.4. Primas de seguros: serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade da sociedade (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

1.5.5. Subministracións e gastos correntes: serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- 1.5.5.1. Auga
- 1.5.5.2. Teléfono
- 1.5.5.3. Electricidade
- 1.5.5.4. Gasóleo/gasolina
- 1.5.5.5. Material de oficina
- 1.5.5.6. Asesoría (só cotas mensuais)
- 1.5.5.7. Gas
- 1.5.5.8. Equipos de seguridade nas súas instalacións (só cotas mensuais)

A estos efectos entenderase que son gastos directamente derivados da actividade empresarial aqueles nos que os impostos indirectos, particularmente IVE, que graven as prestacións de servizos ou entregas de bens para os beneficiarios podan ser obxecto de compensación.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.6. RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e

finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

2. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1. – INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

A instrución corresponderá á Concellería de Promoción Económica, Turismo e Comercio, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se formulará a proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local. A comisión de valoración estará constituída pola Concelleira de promoción económica, a Técnica de promoción económica e unha representante do departamento de Intervención. A Comisión terá como función a emisión dun informe proposta no que concrete o resultado da avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas e o seu acordo será notificado individualmente na dirección indicada na solicitude.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello www.monfortedelemos.es.

2.2. – TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

· Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.

· Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade coa base 3.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

· Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

· Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.

· Para as accións de control e seguimento, a Concellería de Promoción Económica, Turismo e Comercio poderá requirirle ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

3. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1. – SOLICITUDES

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Promoción Económica, Turismo e Comercio debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

· Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).

· Certificado do IBAN

· Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo III).

· Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo IV).

· Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

· NIF/DNI (copia compulsada) da empresa/empresario/a individual e dos socios/ as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e máis das persoas socias que se autoempreguen).

- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballo.
- Vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballo.
- Facturas (orixinal ou copia compulsada) dos gastos para os que se solicitou a subvención.
- As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 do 30 de Novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:
 - Número e, no seu caso, serie.
 - Data da súa expedición.
 - Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.
 - Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.
 - Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións.
 - Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
 - O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
 - Cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado.
 - Especificación, por separado, da parte de base impositiva correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.
- No caso de facturas referentes a alugueres de locais deberá presentar xunto coa factura o correspondente contrato de aluguer.
- No caso de facturas referentes aos seguros, deberá presentar xunto coa factura, póliza dos mesmos.
- Documentos bancarios de aboamento das facturas presentadas, debidamente selados pola entidade bancaria, constando, debidamente identificados o emisor, receptor e concepto a que se refire o cargo bancario, así como o número de factura á que corresponde.
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo V).
- Solicitud de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais (Anexo V)
- Declaración xurada do/a receptor/a (Anexo V), acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada. (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios)
 - Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirse da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A estes efectos será válida a comunicación efectuada na dirección consignada no impreso de solicitude.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de valoración quen decida sen perxuízo da previa solicitude de informe dos servizos xurídicos no seu caso.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

3.2. - OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello de Monforte de Lemos.
- Manter a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos dende a data de inicio da actividade. No suposto de darse de baixa ou modificar a actividade para a que se solicitou a subvención, con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Monforte de Lemos dentro do mes posterior a dita baixa ou modificación.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo, e facilitará á Intervención Municipal, toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control financeiro do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3. - PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ó da publicación do extracto desta convocatoria no BOP de Lugo e ata o 30 de novembro de 2020.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que deben presentar no rexistro xeral do Concello.

4. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

O servizo que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe-proposta da Comisión de valoración.

O prazo para resolver será, como máximo o 31 de decembro de 2020. Transcorrido o devandito prazo sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado individualmente na dirección indicada na solicitude.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único.

Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (o modelo será subministrado pola Concellería de Promoción Económica), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa.

5. PUBLICIDADE

5.1. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS

A presente convocatoria, as Bases Reguladoras e modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2020 do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Monforte de Lemos, publicaranse e estarán a disposición dos interesados na BDNS e na páxina web www.monfortedeleemos.es unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local

5.2. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Á finalización do procedemento de concesión, darase publicidade á relación de axudas concedidas na páxina web www.monfortedeleemos.es e no taboleiro de anuncios do Concello.

5.3. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Monforte de Lemos. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concillería de Promoción Económica.

6. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Monforte de Lemos.

7. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve.

8. SEGUIMIENTO DAS AXUDAS

A Concillería de Promoción Económica, Comercio e Turismo, realizará o seguimento das actividades obxecto de subvención

8.1. CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que houberan impedido a súa obtención.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto de subvención.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público.

8.2. PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA AXUDA E REINTEGRO

O procedemento de reintegro de subvencións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos, previa comunicación do beneficiario nos termos da Base 3.2 A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos. En caso de incumprimento do deber de comunicación da baixa ou modificación da actividade procederá o reintegro polo importe total da axuda concedida.

Procederá o reintegro parcial do 2% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciación polo Concello de Monforte, establecida na BASE 5ª punto 5.3.

Procederá o reintegro parcial polo exceso de financiamento, segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención de outras axudas no caso de que éstas sexan compatibles.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da Orde Social, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

9. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, que aprobou o seu regulamento, a lexislación básica do estado en materia de Réxime Local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas presentes Bases Reguladoras, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

O Concello de Monforte de Lemos quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020

ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome/Razón Social:	NIF:	
Representante:	DNI:	
Enderezo Social:	Localidade.:	C.P.
Correo electrónico:	Tfno. contacto	

EXPOÑO Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 2 de novembro de 2020, relativo á aprobación das bases reguladoras da convocatoria para o ano 2020 e despois de coñecer e aceptar ditas bases

DECLARO, Que SON CERTOS os datos sinalados na solicitude e que ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento, segundo o establecido nas Bases reguladoras e AUTORIZO ao Concello de Monforte para solicitar e/ou verificar os datos e certificados oportunos en relación coa solicitude presentada.

SOLICITO

A concesión da axuda municipal á creación de empresas de acordo co especificado nas bases reguladoras e convocatoria.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- Anexo I.- Solicitude
 - Anexo II.- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos, segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1º da subvención
 - Certificado do IBAN
 - Anexo III.- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas
 - Anexo IV.- Memoria xustificativa do proxecto empresarial
 - Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
